



lanzadeXras

tema 6: creatividade

módulo 21

obxectiva



XUNTA
DE GALICIA



tema 6: *creatividade*
módulo 21
semana 6 | día 1

lanzadebras

lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

*semana 6 | **creatividade***

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

ÍNDICE MODULAR

*módulo 21 | **obxectiva***

módulo 22 | paixóns

módulo 23 | lóxica

módulo 24 | brotes verdes

ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita
Una mente maravillosa
BSO



NO CAMIÑO DO EMPREDEMENTO, VOSTEDE ESTÁ AQUÍ



tema 6: *creatividade*

módulo 21

semana 6 | día 1

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo



A creación é, sen dúbida, o fenómeno máis antigo da historia da humanidade. Xa o relata a Xénese en todo o seu esplendor e con todo luxo de detalles. É que, para crear desde o nada, un enfróntase ao caos e a unha néboa que parece que o cobre todo. Ata que, de súpeto, se fai a luz e se obra o milagre de crear algo onde antes non había nada. Creatividade en estado puro!

Cal é a fórmula da creación? O creativo ou creador debe crer que pode crear algo grandioso. E debe esperar facelo para, unha vez creado, poder crecer e facer crecer aos demais coa súa creación. Agora ben. Nun mundo ás veces tan encadrado e tan cuadrulado como o noso, o exercicio creativo demanda certos hábitos que transforman a nosa maneira estándar de pensar. Require pensar sumando o pensamento acumulado dos que pensaron antes ca nós, e estando dispostos a poñer tamén o noso ao servizo dos demais con espírito cooperativo. Require pensar orientando os nosos pensamentos cara a un logro ou destino concretos e non disparatando sen medida esperando “parir” algo. Require concentrar os esforzos, e non dispersalos, pois o exercicio de pensar con coherencia é duro e fatigoso e debemos evitar caer na fatiga. Require asumir un esforzo para atopar novidades produtivas! Isto é, que sexan útiles, perdurables no tempo e que aparellen novidades satisfactorias para quen nos rodea.





tema 6: *creatividade*
módulo 21
semana 6 | día 1
lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

En tanto que o exercicio de pensar é duro e confuso, son moitos os que opinan que para pararse a pensar é bo adoptar unha posición de pensador. Coñecen o Pensador de Rodin? Non é que a inspiración se apareza por encantamento. Pero se por aquilo de que “o hábito fai o monxe”. Pois iso! Poñémonos a crear?

E que é o primeiro que debe facer un creativo para xerar novas ideas? Por estraño que pareza: deixar de elucubrar e centrarse na realidade.

Antes de nada un creativo debe ser un analista capaz de observar a realidade con obxectividade. Como cambiar a realidade se non se coñece?

Así que, para empezar a crear, nada como verificar a realidade e interpretala relativizándolo todo, afastándonos dos demais e dubidando das verdades absolutas. Só así, conseguiremos datos obxectivos que sexan capaces de mapearnos nunha radiografía a realidade que desexamos cambiar logo a golpe de creatividade. É o chamado pensamento de chapeu branco que Edward De Bono describe en “Six Thinking Hats” (Seis sombreros para pensar).



tema 6: *creatividade*

módulo 21

semana 6 | día 1

lanzadebras

aprender do que outros fixeron con mestría

exemplo



PRICEWATERHOUSECOOPERS

Neste novo módulo falaremos sobre a necesaria obxectividade da creatividade. Para iso, utilizaremos o exemplo de PriceWaterHouseCoopers, incidindo na importancia que lle prestan á innovación. Segundo unha enquisa realizada pola corporación, o 80% das empresas non contan cun sistema de xestión da innovación. E en tanto que este se entende como un proceso básico para a dirección, a creatividade obxectiva antóllase esencial para toda boa empresa, que debe procurar sempre adaptarse aos cambios e innovar.



a hemeroteca de Paula



lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

videotutorial

ROMPER PARADIGMAS

<https://www.youtube.com/watch?v=N91tks1Y8E>



a videoteca de Alba

No vídeo “Romper paradigmas” podemos ver un exemplo de como a sociedade nos limita nalgunhas ocasións á hora de sermos creativos. Neste caso, un neno que é diferente aos demais ve todo desde un punto de vista distinto, provocando así a incomodidade dos seus pais e das demais persoas. A ensinanza que nos queren transmitir estas imaxes é a importancia de deixar crecer a nosa creatividade, xa que as melloras veñen da man da innovación e a innovación xorde das persoas creativas. Hai que “romper moldes”.

